

# 1. Condicións de uso do servizo de licenzas Adobe para educación

- [Destinatarios deste servizo](#)
- [Acceso](#)
- [Alta de contas e transferencia de datos a Adobe](#)
- [Aplicacións dispoñibles](#)
- [Borrado de contas](#)

## Destinatarios deste servizo

- Persoal docente e investigador
- Persoal de administración e servizos


## Acceso


- É preciso activar previamente o servizo e aceptar as condicións de uso como se indica no seguinte documento: "[Dar de alta servizos de O365 para educación](#)"
  - Compre aceptar as condicións de uso do servizo indicadas a continuación neste documento
  - A activación do servizo implica a aceptación das características, condicións e limitacións de uso recollidas neste documento
- O acceso a Adobe realízase a través de <https://www.adobe.com/es/>
- Debe ir, na parte superior esquerda, á "[Iniciar Sesión](#)"

 [Iniciar sesión](#)




- Indicar, na páxina de *Inicio de sesión* o seu usuario do tipo [usuario@uvigo.gal](mailto:usuario@uvigo.gal)



- Logo diso redirixirásche ó sistema de autenticación centralizada de UVigo no que te poderás identificar dalgún dos xeitos habituais
  - Conta de correo (@uvigo.es, de momento uvigo.gal non está configurado!)
  - Ou datos de acceso á Secretaría Online
  - Ou certificado dixital ou DNI electrónico
-  *Só se pode acceder a este servizo con contas persoais e verificadas na secretaría virtual, non de centros, departamentos, servizos administrativos, asociacións, etc.*

## Alta de contas e transferencia de datos a Adobe

No momento en que accedas e aceptes as condicións de uso enviaremos a Adobe os datos necesarios para prestar o servizo, e empregará para crear unha conta.

- A creación da conta pode tardar ata 20 minutos en facerse a partir do momento en que se aceptan as condicións de uso 

Para prestar o servizo en Adobe, envíanse ó provedor os seguintes datos:

- Dirección de correo principal do usuario no dominio [@uvigo.gal](mailto:@uvigo.gal)
- Nome e apelidos do usuario

## Aplicacións dispoñibles

Dase de alta ás licenzas contratadas ó provedor Adobe para a comunidade universitaria, nestes momentos

- **Adobe Pro DC**

## Borrado de contas

As contas en Adobe están asociadas á vinculación que manteñas coa UVigo:

- Que sexas PDI ou PAS

Ao desaparecer esta vinculación desactivaremos a túa conta e elimínase a conta en Adobe.